



Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

DEPARTAMENTO DANZA CONTEMPORÁNEA

Mínimos esixibles e criterios de avaliación e cualificación

Curso 2023-24

TÉCNICAS DE DANZA CONTEMPORÁNEA

Criterios de avaliación en cada trimestre

| 1º GPB | |
|--|--------|
| 1º TRIMESTRE | |
| ACTITUDE Valorar a actitude do alumnado, tendo en conta os seguintes ítems: - constancia e esforzo - grao de participación activa - respecto na aula (docentes, compañeiros/as, instalacións) - autonomía | 10,00% |
| ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS - Realizar unha pequena proba teórica. Preténdese observar o grao de comprensión, aprendizaxe e interiorización dos acercamentos teóricos dos contidos e das obra coreográficas visionadas. | 10,00% |
| EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA 1. Realizar exercicios de respiración, relaxación e quietude. (5%) <i>Con este exercicio preténdese observar ue os alumnos/as están concentrados no estado do seu corpo, practican a respiración consciente e relaxan as distintas partes do corpo.</i> 2. Realizar exercicios para sentir a forza de gravidade dos brazos e das pernas, a tensión e a relaxación, os puntos de apoio e o contacto co chan. (5%) <i>Trátase de comprobar se o alumno/a é consciente do peso do seu corpo, dos apoios no chan e se durante a evolución dos movementos garda todo o seu corpo en contacto co chan.</i> | 80,00% |



| | |
|--|--|
| <p>3. Executar exercicios do centro corporal como impulso do movemento e da exploración do principio de expansión (5%) <i>Observar se o alumno/a controla o centro corporal como motor do movemento e é capaz de expandir o movemento dende o centro cara a columna, a cabeza, os pés e as mans, así como tamén de repregarse sobre el.</i></p> <p>4. Executar exercicios de mobilidade articular, das articulacións como motor de movemento e da súa relación co centro corporal (5%) <i>Observar a capacidade do alumno/a de illar o movemento das distintas partes do corpo, dissociar as diferentes estruturas corporais, así como de enlazar o movemento entre as diferentes articulacións implicadas nel.</i></p> <p>5. Realizar exercicios de mobilidade da columna vertebral (curva/redondo e inclinación lateral) cun control do aliñamento corporal no chan e de pé (10%) <i>Observar a amplitude e a sucesión do movemento, a simetría e o aliñamento adecuado.</i></p> <p>6. Realizar os exercicios de flexións, rotacións, extensións e apertura, nas diferentes posicións do corpo, con e sen transferencia de peso (10%) <i>Observar se o alumno/a executa os movementos coa correcta colocación do corpo, coordinación, amplitude e uso do peso.</i></p> <p>7. Executar secuencias de movemento simples da danza contemporánea no centro: “swings” (balanceos), suspensións e equilibrios. (10%) <i>Observar se o alumno/a asimila os fundamentos destes principios e executa os mesmos coa dinámica adecuada.</i></p> <p>8. Realizar exercicios de desprazamento no espazo. (10%) <i>Observar se o alumno/a executa os exercicios cunha adecuada orientación e utilización do espazo.</i></p> <p>9. Realizar os exercicios de movementos con diferentes ritmos, enerxías e calidades (10%) <i>Observar se o alumno/a executa o exercicio co ritmo, a enerxía e a calidade demandada.</i></p> <p>10. Realizar as series de momento memorizadas. (10%) <i>Observar se o alumno/a memoriza e repite correctamente as series de movementos.</i></p> | |
|--|--|

| 2º TRIMESTRE | |
|---|--------|
| ACTITUDE | |
| <p>Valorar a actitude do alumnado, tendo en conta os seguintes ítems: - constancia e esforzo - grao de participación activa - respecto na aula (docentes, compañeiros/as, instalacións) - autonomía</p> | 10,00% |
| ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS | |
| <p>- Realizar unha pequena proba teórica.</p> <p>Preténdese observar o grao de comprensión, aprendizaxe e interiorización dos acercamentos teóricos dos contidos e</p> | 10,00% |



| | |
|--|--------|
| das obra coreográficas visonadas. | |
| EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA | |
| <p>1- Aplicar os contidos traballados no primeiro trimestre (20%)</p> <p><i>Este criterio permite observar a evolución e integración progresiva dos contidos ao longo do curso.</i></p> | |
| <p>2- Realizar os exercicios no chan de respiración, “contraction/release”, “high release”, espirais, “bounces”(rebotes) e “pleading” (súplica) (15%)</p> <p><i>Este criterio permite comprobar se o alumno/a comprendeu e interiorizou os fundamentos para unha correcta execución dos distintos exercicios no chan, incluída a integración da respiración no movemento.</i></p> | 80,00% |
| <p>3 Executar exercicios de pé en paralelo e en dehors (“plié”, “relevé”, “tendu”, “jeté”, “retiré”) (10%)</p> <p><i>Este criterio permite comprobar o grao de control do alumno/a sobre os fundamentos traballados tales como a correcta colocación do corpo, a aliñación, a amplitude, a elevación, a forza, a flexibilidade, a estabilidade, a dinámica e a coordinación.</i></p> | |
| <p>4 Realizar exercicios de contraccións coas pernas en paralelo e en segunda posición dende plié.</p> <p><i>Observar unha axeitado uso da respiración xunto coa mobilidade do torso, a pelve e as pernas (5%)</i></p> | |
| <p>5. Realizar exercicios con cambios de peso, a práctica do “bird”(ondas dos brazos) o “decalé”, con e sen plié, o equilibrio e a preparación ao “tilt” (10%)</p> <p><i>Comprobar se o alumno/a mantén a estabilidade do corpo durante a transferencia do peso, controla a firmeza da perna portante e dos apoios, omína o desequilibrio durante a oscilación do peso, así como tamén mantén un aliñamento correcto durante a inclinación lateral do eixe vertical.</i></p> | |
| <p>6. Realizar os exercicios de xiros sinxelos, de saltos e de desprazamentos nas diagonais:“walks (paseos), prances, lunges (estocadas), triplets, skips”... (10%) <i>Comprobar a coordinación e o sentido do movemento no espazo, a adecuada dinámica do xiro, a limpeza, a definición e a precisión dos movementos, o equilibrio, o nivel de esforzo, o control do impulso para o empuxe e a recepción do salto, así como a colocación do corpo no aire e os acentos musicais e musculares.</i></p> | |
| <p>7. Interpretar as secuencias da coreografía aprendida)(10%)</p> <p><i>Este criterio permite comprobar a capaci ade para memorizar e interpretar, expresando calidades, sentindo as diferentes cadencias, ritmos e dinámicas, así como a precisión musical e a utilización do espazo, dunha coreografía aprendida progresivamente.</i></p> | |



| | |
|--|--------|
| ACTITUDE Valorar a actitude do alumnado, tendo en conta os seguintes ítems: - constancia e esforzo - grao de participación activa - respecto na aula (docentes, compañeiros/as, instalacións) - autonomía | 10,00% |
| ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS - Realizar unha pequena proba teórica. Preténdese observar o grao de comprensión, aprendizaxe e interiorización dos acercamentos teóricos dos contidos e das obra coreográficas visonadas. | 10,00% |
| EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA 1- Aplicar os contidos traballados no primeiro e segundo trimestre (30%) <i>Este criterio permite observar a evolución do alumno/a e integración progresiva das nocións técnicas ao longo do curso.</i> 2- Realizar secuencias de movemento no chan con diferentes combinacións afondando nos fundamentos traballados durante o curso (10%) <i>Este criterio permite comprobar se o alumno/a comprendeu e interiorizou a correcta execución dos distintos exercicios no chan, sendo consciente do estado do corpo, do uso da respiración, do peso e o contacto do corpo no chan, do centro corporal, da mobilidade articular e do torso, da relación das estruturas corporais entre si, dos diferentes motores e impulsos de movemento e da integración global do movemento.</i> 4- Realizar secuencias de movemento de pé, xiros, saltos e desprazamentos no espazo afondando nos fundamentos estudados no curso (10%) <i>Comprobar que o alumno/a comprendeu e interiorizou a correcta execución dos exercicios de pé, sendo consciente do aliñamento correcto, a estabilidade, a coordinación, a amplitude, o ritmo, a transferencia de peso, as dinámicas do xiro, do salto e demais fundamentos estudados</i> 5- Interpretar a coreografía de creación propia (Gala Fin de Curso)(30%) <i>Este criterio permite comprobar a capaci ade interpretativa do alumno/a, a integración dos aspectos técnicos do movemento na propia creaci n, a musicalidade, a utilización do espazo e a capacidade de traballo en equipo.</i> | 80,00% |

Mínimos esixibles (1º TDC)

1.- Superar unha pequena proba teórica.

Preténdese observar se o alumno/a ou alumna coñece de maneira teórica os contidos básicos propios do seu curso.

2.- Realizar con corrección os exercicios básicos propios do seu nivel de exercicios de dispoñibilidade corporal, relaxación e respiración.



Con este exercicio preténdese observar que os alumnos/as están concentrados no estado do seu corpo, practican a respiración consciente e relaxan as distintas partes do corpo segundo a madureza propia do seu nivel.

3.- Realizar coa corrección propia do seu nivel os exercicios básicos das secuencias de movementos das técnicas Release e Graham e dos estilos estudados durante o curso.

Este criterio permite comprobar se o alumno/a comprendeu, interiorizou e memorizou a execución correcta dos exercicios básicos das técnicas e estilos traballados.

4.- Interpretar secuencias coreográficas coa corrección propia do nivel correspondente.

Este criterio permite comprobar a capacidade interpretativa do alumno/a, a súa musicalidade e a correcta utilización do espazo.

5.- Interpretar coa corrección propia de cada nivel a coreografía (ou coreografías) de creación propia(Gala Fin de Curso).

Este criterio permite comprobar a capacidade interpretativa d o alumno/a, a integración dos aspectos técnicos do movemento na propia creación, a musicalidade, a utilización do espazo e a capacidade de traballo en equipo.

| | |
|---|-----|
| 2º GPB | |
| 1º TRIMESTRE | |
| ACTITUDE Valorar a actitude do alumnado, tendo en conta os seguintes ítems: - constancia e esforzo - grao de participación activa - respecto na aula (docentes, compañeiros/as, instalacións) - autonomía | 10% |
| ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS - Realizar unha pequena proba teórica. | 10% |



Preténdese observar o grao de comprensión, aprendizaxe e interiorización dos acercamentos teóricos dos contidos e das obra coreográficas visonadas.

EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA

1- Realizar exercicios de respiración, relaxación, quietude e visualización (5%)

Con este exercicio preténdese observar que os alumnos/as están concentrados no estado do seu corpo, practican a respiración consciente, guían a visualización e relaxan as distintas partes do corpo.

2- Executar exercicios para desenvolver a coordinación na conciencia ósea, muscular e articular e afondar no traballo articular, na sensibilización do peso das distintas partes do corpo, na tensión e a relaxación, nos puntos de apoio e o contacto co chan (10%)

Observar se o alumno/a é consciente do seu esquema corporal e utiliza o mesmo en favor da dispoñibilidade corporal. Se é capaz de dissociar as distintas partes do corpo, controla a coordinación, o peso e se durante a evolución dos movementos garda todo o seu corpo en contacto co chan.

3- Realizar exercicios de rodadas, deslizamentos, caídas, xiros, voltas sobre as costas e combinacións destes elementos en pequenas secuencias (10%)

Observar se alumno/a fai un uso consciente da gravidade, da tensión muscular, dos impulsos, das dinámicas, dos apoios na recepción do peso corporal e fai un uso axeitado do chan na práctica cos diferentes elementos traballados.

4- Executar exercicios sobre a espiral como impulso de movemento no chan (5%)

Observar a capacidade do alumno/a de encadear o movemento das distintas partes do corpo mediante o empuxe da espiral como orixe do movemento. 80%

5- Realizar estruturas de movemento para o traballo da mobilidade da columna vertebral e a súa relación coas distintas partes do corpo no chan e de pé que inclúan flexións, rotacións, extensións e apertura, nas diferentes posicións do corpo, con e sen transferencia de peso (15%)

Observar se o alumno/a executa os movementos coa correcta colocación do corpo, simetría e aliñamento, coordinación, amplitude, uso do peso, así como encadeamento do movemento na globalidade corporal.

6- Realizar combinación de secuencias de movemento afondando nos principios de balanceo (swing), suspensión e equilibrio/desequilibrio, cambios de eixe e práctica da posición invertida (15%)

Observar se o alumno/a asimila os fundamentos destes principios e executa os mesmos coa dinámica adecuada, mantendo a estabilidade, controlando o uso da gravidade, da transferencia de peso, dos impulsos e dos apoios.

7- Realizar combinacións de exercicios de desprazamento no espazo con diferentes ritmos, enerxías e calidades. (10%)

Observar se o alumno/a executa os exercicios cunha adecuada orientación e utilización do espazo, así como co ritmo, a enerxía e a calidade demandada.

8- Realizar as series de momento memorizadas. (10%)

Observar se o alumno/a memoriza e repite correctamente as series de movementos.



| 2º TRIMESTRE | |
|---|-----|
| ACTITUDE Valorar a actitude do alumnado, tendo en conta os seguintes ítems: - constancia e esforzo - grao de participación activa - respecto na aula (docentes, compañeiros/as, instalacións) - autonomía | 10% |
| ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS - Realizar unha pequena proba teórica. Preténdese observar o grao de comprensión, aprendizaxe e interiorización dos acercamentos teóricos dos contidos e das obra coreográficas visonadas | 10% |
| EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA 1- Aplicar os contidos traballados no primeiro trimestre (20%) <i>Este criterio permite observar a evolución e integración progresiva dos contidos ao longo do curso.</i> 2- Realizar os movementos en termos de aliñamento, illamento, sucesión, oposición, enerxía potencial e cinética, peso, caída, recuperación, rebote e suspensión. (15%) <i>Este criterio permite comprobar se o alumno/a comprendeu e interiorizou os fundamentos para unha correcta execución dos distintos exercicios.</i> 3- Realizar os exercicios nas distintas posicións do chan e de pé no centro (rebotes, series de "tendus", series de "pliés", "swing" (balanceo) do torso, series de "passés", series de "developpés", series de "lunges", xiros e saltos. (15%). <i>Este criterio permite comprobar o grao de control do/a alumno/a sobre os fundamentos traballados tales como a correcta colocación do corpo, o aliñamento, a sensación de peso das distintas partes do corpo, a amplitude, a elevación, a forza, a flexibilidade, a coordinación, a disociación, o equilibrio, a dinámica do xiro, o control do impulso para o empuxe e a recepción do salto, así como, a colocación do corpo no aire e os acentos musicais e musculares.</i> 4- Realizar exercicios en desprazamento con distintos percorridos espaciais, así como, combinación dos diferentes exercicios en pequenas secuencias de movemento (15%) <i>Este criterio permite comprobar a coordinación e o sentido do movemento no espazo, a adecuada dinámica da enerxía, a limpeza nas transicións entre os pasos, a definición e a precisión dos movementos, a estabilidade, o nivel de esforzo e a precisión musical.</i> 5-Estudo do "pitch" e do "hinge" (5%) <i>Este criterio permite observar o dominio técnico na execución dos movementos estudados.</i> 6- Interpretar unha secuencia do repertorio (10%) <i>Este criterio permite comprobar a capacidade para memorizar e interpretar, expresando calidades, sentindo as diferentes cadencias, ritmos e dinámicas, así como a precisión musical e a utilización do espazo, dunha coreografía aprendida progresivamente</i> | 80% |
| 3º TRIMESTRE | |



| | |
|---|-----|
| ACTITUDE Valorar a actitude do alumnado, tendo en conta os seguintes ítems: - constancia e esforzo - grao de participación activa - respecto na aula (docentes, compañeiros/as, instalacións) - autonomía | 10% |
| ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS - Realizar unha pequena proba teórica. Preténdese observar o grao de comprensión, aprendizaxe e interiorización dos acercamentos teóricos dos contidos e das obra coreográficas visonadas. | 10% |
| EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA 1- Aplicar os contidos traballados no primeiro e segundo trimestre (30%) Este criterio permite observar a evolución do alumno/a e integración progresiva das nocións técnicas ao longo do curso 2- Realizar secuencias de movemento no chan con diferentes combinacións afondando nos fundamentos traballados durante o curso (10%) Este criterio permite comprobar se o alumno/a comprendeu e interiorizou a correcta execución dos distintos exercicios no chan, sendo consciente do estado do corpo, do uso da respiración, do peso e o contacto do corpo no chan, do centro corporal, da mobilidade articular e do torso, da relación das estruturas corporais entre si, dos diferentes motores e impulsos de movemento e da integración global do movemento. 3- Realizar secuencias de movemento de pé, xiros, saltos e desprazamentos no espazo afondando nos fundamentos estudados no curso (10%) Comprobar que o alumno/a comprendeu e interiorizou a correcta execución dos exercicios de pé, sendo consciente do aliñamento correcto, a estabilidade, a coordinación, a amplitude, o ritmo, a transferencia de peso, as dinámicas do xiro, do salto e demais fundamentos estudados. 4- Interpretar a coreografía de creación propia (Gala Fin de Curso). (30%) Este criterio permite comprobar a capacidade interpretativa do alumno/a, a integración dos aspectos técnicos do movemento na propia creación, a musicalidade, a utilización do espazo e a capacidade de traballo en equipo. | 80% |

Mínimos esixibles (2º TDC)

1.- Superar unha pequena proba teórica.

Preténdese observar se o alumno/a ou alumna coñece de maneira teórica os contidos básicos propios do seu curso.

2.- Realizar con corrección os exercicios básicos propios do seu nivel de exercicios de dispoñibilidade corporal, relaxación e respiración.



Con este exercicio preténdese observar que os alumnos/as están concentrados no estado do seu corpo, practican a respiración consciente e relaxan as distintas partes do corpo segundo a madureza propia do seu nivel.

3.- Realizar coa corrección propia do seu nivel os exercicios básicos das secuencias de movementos das técnicas Release e Graham e dos estilos estudados durante o curso.

Este criterio permite comprobar se o alumno/a comprendeu, interiorizou e memorizou a execución correcta dos exercicios básicos das técnicas e estilos traballados.

4.- Interpretar o extracto da coreografía coa corrección propia do nivel correspondente.

Este criterio permite comprobar a capacidade interpretativa d o alumno/a, a súa musicalidade e a correcta utilización do espazo.

5.- Interpretar coa corrección propia de cada nivel a coreografía (ou coreografías) de creación propia (Gala Fin de Curso).

Este criterio permite comprobar a capacidade interpretativa do alumno/a, a integración dos aspectos técnicos do movemento na propia creación, a musicalidade, a utilización do espazo e a capacidade de traballo en equipo.

| 3ºGPB | |
|---|--------|
| 1º TRIMESTRE | |
| ACTITUDE Valorar a actitude do alumnado, tendo en conta os seguintes ítems: - constancia e esforzo - grao de participación activa - respecto na aula (docentes, compañeiros/as, instalacións) - autonomía | 10,00% |
| ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS - Realizar unha pequena proba teórica Preténdese observar o grao de comprensión, aprendizaxe e interiorización dos acercamentos teóricos dos contidos. | 10,00% |
| EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA 1-Realizar exercicios de mobilidade da columna vertebral cun control do aliñamento corporal no chan e no centro. | 80,00% |



| | |
|--|--------|
| <p>(20%)</p> <p>Observar a amplitude do movement, a coordinación a simetría e o aliñamento correcto.</p> <p>2- Realizar os exercicios suspensións, balanceos, equilibrios, xiros, rebotes, saltos e caídas. (20%)</p> <p>Observar se o alumno/a executa as secuencias de movemento co control do aliñamento, coordinación enerxía e o ritmo requirido.</p> <p>3- Realizar exercicios de desprazamento con series de torso. (20%)</p> <p>Observar se o alumno/a executa os exercicios cunha coordinación correcta.</p> <p>4- Realizar as series de momento memorizadas. (20%)</p> <p>Observar se o alumno/a memoriza e repite correctamente as series de movemento.</p> | |
| 2º TRIMESTRE | |
| <p>ACTITUDE</p> <p>Valorar a actitude do alumnado, tendo en conta os seguintes ítems: - constancia e esforzo - grao de participación activa - respecto na aula (docentes, compañeiros/as, instalacións) - autonomía</p> | 10,00% |
| <p>ADQUISICIÓN DE COÑECAMENTOS TEÓRICOS</p> <p>- Realizar unha pequena proba teórica.</p> <p>Preténdese observar o grao de comprensión, aprendizaxe e interiorización dos acercamentos teóricos dos contidos.</p> | 10,00% |
| <p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p> <p>1- Aplicar os contidos traballados no primeiro trimestre. (20%)</p> <p>Este criterio permite observar a evolución e integración progresiva dos contidos ó longo do curso.</p> <p>2- Realizar os exercicios de desprazamento no chan, de cambios de eixo e desequilibrio. (20%)</p> <p>Este criterio permite observar a evolución no espazo d o alumno/a coas distintas técnicas traballadas.</p> <p>3- Realizar o exercicios de pé no eixo, de xiros, saltos desprazamento no espazo. (20%)</p> <p>Este criterio permite comprobar o grao de control d o alumno/a sobre os fundamentos traballados tales como a aliñación, a sensación de peso das distintas partes do corpo, equilibrio, a dinámica e a coordinación.</p> <p>4- Executar correctamente hinxo, pitch, equilibrios e xiros con e sen torso (10%)</p> <p>Permite controlar o grao de control do alumno/a sobre os fundamentos traballados.</p> <p>5- Interpretar un extracto de repertorio . (10%)</p> | 80,00% |



| | |
|---|--------|
| Este criterio permite comprobar a capacidade de memorización e interpretación dunha coreografía aprendida progresivamente durante as sesións. | |
| 3º TRIMESTRE | |
| ACTITUDE Valorar a actitude do alumnado, tendo en conta os seguintes ítems: - constancia e esforzo - grao de participación activa - respecto na aula (docentes, compañeiros/as, instalacións) - autonomía | 10,00% |
| ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS - Realizar unha pequena proba teórica. Preténdese observar o grao de comprensión, aprendizaxe e interiorización dos acercamentos teóricos dos contidos. | 10,00% |
| EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA 1- Aplicar os contidos traballados no primeiro e segundo trimestre. (30%) Este criterio permite observar a evolución e integración progresiva dos contidos ó longo do curso. 2- Realizar os exercicios de secuencias de movementos no chan. (10%) Este criterio permite comprobar se o alumno/a ha comprendido e interiorizado e memorizado a execución correcta dos distintos exercicios no chan. 3- Realizar as secuencias de movemento de exercicios de pé no eixo, de xiros, saltos desprazamento no espazo. (10%) Este criterio permite comprobar o grao de control d o alumno/a sobre os fundamentos traballados tales como a aliñación, a sensación de peso das distintas partes do corpo, equilibrio, a dinámica e a coordinación así cómo a súa memorización. 4- Interpretar a coreografía elaborada (Gala Fin de curso). (30%) Este criterio permite comprobar a capacidade interpretativa do alumno/a, a integración dos aspectos técnicos do movemento na propia creación, a musicalidade, a utilización do espazo e a capacidade de traballo en equipo. | 80,00% |

Mínimos esixibles (3º TDC)

- 1.- Superar unha pequena proba teórica.

Preténdese observar se ao alumno/a ou alumna coñece de maneira teórica os contidos básicos propios do seu curso.



2.-Realizar con corrección os exercicios básicos propios do seu nivel de relaxación, respiración e de conexión corpo e mente.

Con estes exercicios preténdese observar se os alumnos están concentrados na súa respiración, relaxan as distintas partes do corpo e manteñen o nivel de atención sostida segundo a madureza propia do seu nivel.

3.- Realizar coa corrección propia do seu nivel os exercicios básicos das secuencias de movementos das técnicas Release e Limón e dos estilos estudados durante o curso.

Este criterio permite comprobar se ao alumno/a comprendeu, interiorizou e memorizou a execución correcta dos exercicios básicos das técnicas e estilos traballados.

4.- Interpretar o extracto dunha coreografía de repertorio contemporáneo,coa corrección propia do nivel correspondente.

Este criterio permite comprobar a capacidade interpretativa do alumno/a, a súa musicalidade e a correcta utilización do espazo

5.-Interpretar coa corrección propia de cada nivel a coreografía (ou coreografías) de creación propia (Gala Fin de Curso).

Este criterio permite comprobar a capacidade interpretativa d o alumno/a, a integración dos aspectos técnicos do movemento na propia creación, a musicalidade, a utilización do espazo e a capacidade de traballo en equipo

| 4º GPB | |
|---|--------|
| 1º TRIMESTRE | |
| ACTITUDE Valorar a actitude do alumnado, tendo en conta os seguintes ítems: - constancia e esforzo - grao de participación activa - respecto na aula (docentes, compañeiros/as, instalacións) - autonomía | 10,00% |



| | |
|--|--------|
| ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS Realizar unha proba teórica Preténdese observar o grao de comprensión, aprendizaxe e interiorización dos acercamentos teóricos dos contidos. | 10,00% |
| EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA 1-Realizar os exercicios de afianzamento da técnicas Release (20%) Observar a interiorización dos fundamentos teórico-prácticos da mesma. 2- Realizar os exercicios de afianzamento da técnica Limón, tanto no chan e de pé, con e sen desprazamento, que inclúan os principios de aliñación, sucesión, oposición, enerxía potencial e cinética, caída e recuperación, peso, rebote e suspensión (20%) Observar a interiorización dos fundamentos teórico-prácticos da mesma. 3 -Realizar os exercicios de dispoñibilidade corporal e movemento articular (10%) Observar o control corporal dos diferentes motores de movemento e as súas relacións co resto do corpo, mostrando a capacidade de coordinar e dissociar, de encadear o mesmo na globalidade corporal e de manexar as diferentes enerxías. 4- Realizar o traballo específico da caída (10%) Este criterio permite comprobar o grao de control do alumno sobre a sensación de peso das distintas partes do corpo, a estabilidade e a coordinación, así como o adecuado uso dos impulsos, da dinámica e dos apoios na recepción do peso corporal, 5- Realizar os desprazamentos con traballo específico de equilibrio/desequilibrio, cambios de eixe e locomoción, así como saltos e xiros con e sen torso. (10%) Observar o dominio do espazo nos seus diferentes planos e eixos, da capacidade de locomoción do alumno/a ao tempo que amosa coordinación, control da estabilidade, uso correcto de impulsos e apoios así como limpeza do seu movemento. 6- Interpretar un extracto do repertorio de José Limón.(10%) Este criterio permite comprobar a capacidade para memorizar e interpretar unha obra do repertorio contemporáneo, amosando a súa capacidade artística, a precisión musical e a axeitada utilización do espazo. | 80,00% |
| 2º TRIMESTRE | |
| ACTITUDE Valorar a actitude do alumnado, tendo en conta os seguintes ítems: - constancia e esforzo - grao de participación activa - respecto na aula (docentes, compañeiros/as, instalacións) - autonomía | 10,00% |
| ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS | |



| | |
|---|--------|
| <p>1. Realizar unha proba teórica.</p> <p>Preténdese observar o grao de comprensión, aprendizaxe e interiorización dos acercamentos teóricos dos contidos.</p> | 10,00% |
| <p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p> <p>1- Aplicar os contidos traballados no primeiro trimestre (20%).</p> <p>Con este criterio preténdese observar a capacidade de integrar con continuidade os contidos aprendidos.</p> <p>2- Realizar as secuencias de movemento no chan (impulsos, pesos, apoios, caídas, rodadas, xiros, deslizamentos, etc) (20%)</p> <p>Observar a integración do corpo no chan, a madurez e a riqueza de movementos asimilados.</p> <p>3- Realizar as secuencias en paralelo e en deors (“pliés”, “relevés”, “tendues”, “jettés”, “retirés”, “rond de jambe”, “frappé”, “fondu”, “developpé”, “lunges”, “grand battement”, etc) con suspensións, balanceos, coa intensidade muscular necesaria que permita a coordinación e o libre fluxo do movemento ao tempo que utiliza os ritmos, os matices e as dinámicas axeitadas. (20%)</p> <p>Observar se o alumno/a executa as secuencias de movemento con madurez, estabilidade, axilidade mental e corporal, así como a asimilación precisa dos conceptos técnicos traballados.</p> <p>4- Executar as combinacións de voltas sobre un ombro seguido de outro, rodadas, movementos en posición invertida e saltos desprazados (10%)</p> <p>Este criterio permite observar a correcta utilización do espazo, así como a execución dos movementos coa dinámica adecuada, mantendo a estabilidade, controlando o uso da gravidade, da transferencia de peso, dos impulsos e dos apoios.</p> <p>5- Interpretar un extracto do repertorio . (10%)</p> <p>Este criterio permite comprobar a capacidade para memorizar e interpretar unha obra do repertorio contemporáneo, amosando a súa capacidade artística, a precisión musical e a axeitada utilización do espazo.</p> | 80,00% |
| 3º TRIMESTRE | |
| <p>ACTITUDE</p> <p>Valorar a actitude do alumnado, tendo en conta os seguintes ítems: - constancia e esforzo - grao de participación activa - respecto na aula (docentes, compañeiros/as, instalacións) - autonomía</p> | 10,00% |
| <p>ADQUISICIÓN DE COÑECAMENTOS TEÓRICOS</p> <p>-Realizar unha proba teórica</p> <p>Preténdese observar o grao de comprensión, aprendizaxe e interiorización dos acercamentos teóricos dos contidos.</p> | 10,00% |
| <p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p> | 80,00% |



| | |
|--|--|
| <p>1-Aplicar os contidos traballados no primeiro e segundo trimestre (30%)</p> <p>Este criterio permite observar a evolución e integración progresiva dos contidos ao longo do curso</p> <p>2- Realizar as secuencias de movementos no chan (10%)</p> <p>Este criterio permite observar se o alumno/a memoriza e reproduce con rigor e precisión os fundamentos traballados, optimizando a enerxía, o fluxo do movemento, a capacidade de reacción e unha sensibilidade corporal que permita a calidade expresiva.</p> <p>3- Realizar as secuencias de movemento de exercicios de pé (10%)</p> <p>Este criterio permite comprobar o grao de control do alumno/a sobre os fundamentos traballados tales como a memorización, a aliñación, a sensación de peso das distintas partes do corpo, o equilibrio, a dinámica, a coordinación así como a integración global do movemento.</p> <p>4- Interpretar a coreografía elaborada (Gala Fin de Curso)(30%)</p> <p>Este criterio permite comprobar a capacidade interpretativa do alumno/a, a integración dos aspectos técnicos do movemento na propia creación, a musicalidade, a utilización do espazo e a capacidade de traballo en equipo.</p> | |
|--|--|

Mínimos esixibles (4º TDC)

1.- Superar unha proba teórica.

Preténdese observar se o alumno/a ou alumna coñece de maneira teórica os contidos básicos propios do seu curso.

2.- Realizar con corrección os exercicios básicos, propios do seu nivel, das combinacións de secuencias de movementos no chan e de pé .

Este criterio permite observar se o alumno/a ten integrado os contidos propios da materia no seu movemento, o grao de control sobre os fundamentos tales como a aliñación, a sensación de peso das distintas partes do corpo, o equilibrio, a dinámica e a coordinación así como a súa memorización.

3.- Realizar coa corrección propia do seu nivel os exercicios das secuencias de movementos baseados nas técnicas Release e Limón.

Este criterio permite comprobar se o alumno/a comprendeu, interiorizou e memorizou a execución correcta dos exercicios básicos das técnicas e estilos traballados.



4.- Interpretar as secuencias coreográficas de José Limón coa corrección propia do nivel correspondente.

Este criterio permite comprobar a capacidade interpretativa d o alumno/a, a súa musicalidade e a correcta utilización do espazo.

5.-Interpretar coa corrección propia de cada nivel a coreografía (ou coreografías) de creación propia (Gala Fin de Curso).

Este criterio permite comprobar a capacidade interpretativa do alumno/a, a integración dos aspectos técnicos do movemento na propia creación, a musicalidade, a utilización do espazo e a capacidade de traballo en equipo.

| 5º GPB | |
|--|--------|
| 1º TRIMESTRE | |
| ACTITUDE Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material, madurez Valorar a actitude do alumnado, tendo en conta os seguintes ítems: - constancia e esforzo - grao de participación activa - respecto na aula (docentes, compañeiros/as, instalacións) - autonomía | 10,00% |
| ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS - Realizar pequenos comentarios e probas teóricas. Preténdese observar o grao de comprensión, aprendizaxe e interiorización dos achegamentos teóricos dos contidos; así como o grao de responsabilidade e capacidade de observación nos procesos evolutivos de cada alumno/a | 10,00% |
| EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA 1-Realizar os exercicios de introdución ao estudo da técnica Cunningham (20%) Observar a comprensión dos fundamentos teórico-prácticos da mesma. 2-Realizar exercicios baseados na percepción e na conexión do corpo coa mente (10%) | 80,00% |



| | |
|--|--------|
| <p>Observar o nivel de atención sostida, o movemento instintivo, a madurez do movemento e a riqueza da dispoñibilidade corporal.</p> <p>3-Realizar exercicios específicos para potenciar e tomar conciencia do centro corporal (10%)</p> <p>Observar o control do centro corporal como motor de movemento e as súas relacións co resto do corpo, mostrando a capacidade de disociar o movemento, de encadear o mesmo na globalidade corporal e de manexar as diferentes enerxías.</p> <p>4- Realizar as secuencias de movemento no chan (impulsos, pesos, apoios, caídas, rodadas, xiros, deslizamentos, etc).. (10%)</p> <p>Observar a integración do corpo no chan, a madurez e a riqueza de movementos asimilados no proceso de investigación.</p> <p>5- Realizar as secuencias verticais (“pliés”, “relevés”, “tendues”, “jettés”, “retirés”, “rond de jambe”, “frappé”, “fondu”, “developpé” e “grand battement”) con suspensións, balanceos, coa intensidade muscular necesaria que permita a coordinación e o libre fluxo do movemento ao tempo que utiliza os ritmos, os matices e as dinámicas axeitadas. (10%)</p> <p>Observar se o alumno/a executa as secuencias de movemento con madurez, estabilidade, axilidade mental e corporal, así como a asimilación precisa dos conceptos técnicos traballados.</p> <p>6- Realizar estruturas de movementos que exploren a relación co espazo e as súas posibilidades, potenciando estabilidade, o soporte, o equilibrio/desequilibrio, planos de movementos, cambios de eixe e locomoción. (10%)</p> <p>Observar o dominio do espazo nos seus diferentes planos e eixos, da capacidade de locomoción do alumno/a ao tempo que amosa o control da estabilidade e limpeza do seu movemento.</p> <p>7- Interpretar un extracto do repertorio (10%)</p> <p>Este criterio permite comprobar a capacidade para memorizar e interpretar unha obra do repertorio contemporáneo, amosando a súa capacidade artística, a precisión musical e a axeitada utilización do espazo.</p> | |
| 2º TRIMESTRE | |
| <p>ACTITUDE</p> <p>Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material, madurez</p> <p>Valorar a actitude do alumnado, tendo en conta os seguintes ítems: - constancia e esforzo - grao de participación activa - respecto na aula (docentes, compañeiros/as, instalacións) - autonomía</p> | 10,00% |
| <p>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</p> <p>- Realizar pequenos comentarios e probas teóricas.</p> <p>Preténdese observar o grao de comprensión, aprendizaxe e interiorización dos achegamentos teóricos dos contidos; así como o grao de responsabilidade e capacidade de observación nos procesos evolutivos de cada alumno/a.</p> | 10,00% |
| <p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p> <p>1. -Aplicar os contidos traballados no primeiro trimestre (20%)</p> | 80,00% |



| | |
|---|--------|
| <p>Este criterio permite observar a evolución e integración progresiva dos contidos ao longo do curso.</p> <p>2. -Realizar exercicios teórico-prácticos da técnica Cunningham (20%)</p> <p>Observar a asimilación dos conceptos fundamentais da técnica e a súa execución.</p> <p>3. -Realizar secuencias de traballo técnico no chan (10%)</p> <p>Este criterio permite observar o control do alumno/a nun uso adecuado do chan coas distintas técnicas traballadas e co traballo de investigación específico.</p> <p>4. Realizar secuencias de traballo técnico de pé, en paralelo e en deors, afianzando a estabilidade e utilizando os diferentes puntos no espazo. (10%)</p> <p>Observar a correcta execución técnica do alumno/a, sendo consciente da axeitada colocación do corpo, simetría e aliñamento, coordinación, amplitude, uso do peso, o control da estabilidade e o equilibrio constante, así como encadeamento do movemento na globalidade corporal e correcto uso do espazo, dos ritmos, cadencias e enerxías.</p> <p>5. - Realizar os exercicios de desprazamentos, saltos e caídas (10%)</p> <p>Observar a adecuada asimilación das dinámicas, do uso da gravidade, da transferencia de peso, dos impulsos e os apoios ao tempo que mostra un favorable aliñamento corporal</p> <p>6. - Interpretar un extracto do repertorio de Merce Cunningham (10%)</p> <p>Este criterio permite comprobar a capacidade para memorizar e interpretar unha obra do repertorio contemporáneo, amosando a súa capacidade artística, a precisión musical e a axeitada utilización do espazo.</p> | |
| 3º TRIMESTRE | |
| <p>ACTITUDE</p> <p>Valorar a actitude do alumnado, tendo en conta os seguintes ítems: - constancia e esforzo - grao de participación activa - respecto na aula (docentes, compañeiros/as, instalacións) - autonomía</p> | 10,00% |
| <p>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</p> <p>- Realizar un exercicio de valoración do proceso evolutivo por parte de cada alumno/a.</p> <p>Preténdese observar o grao de madurez, responsabilidade e capacidade de observación nos procesos evolutivos de cada un/unha.</p> | 10,00% |
| <p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p> <p>1.-Aplicar os contidos traballados no primeiro e segundo trimestre (30%)</p> <p>Este criterio permite observar a evolución e integración progresiva dos contidos ao longo do curso.</p> <p>2. - Realizar as secuencias de movementos no chan (10%)</p> <p>Este criterio permite observar se o alumno/a memoriza e reproduce con rigor e precisión os fundamentos traballados, optimizando a enerxía, o fluxo do movemento, a capacidade de reacción e unha sensibilidade corporal</p> | 80,00% |



| | |
|---|--|
| <p>que permita a calidade expresiva.</p> <p>3.Realizar as secuencias de movemento de exercicios de pé (10%)</p> <p>Este criterio permite comprobar o grao de control do alumno/a sobre os fundamentos traballados tales como a memorización, a aliñación, a sensación de peso das distintas partes do corpo, o equilibrio, a dinámica, a coordinación así como a integración global do movemento.</p> <p>4.Interpretar a coreografía elaborada(Gala Fin de Curso) (30%)</p> <p>Este criterio permite comprobar a capacidade interpretativa do alumno/a, a integración dos aspectos técnicos do movemento na propia creación, a musicalidade, a utilización do espazo e a capacidade de traballo en equipo.</p> | |
|---|--|

Mínimos esixibles (5º TDC)

1.- Superar unha pequena proba teórica.

Preténdese observar se o alumno/a ou alumna coñece de maneira teórica os contidos básicos propios do seu curso.

2.-Realizar con corrección os exercicios básicos, propios do seu nivel, de secuencias de movementos no chan e de pé

Este criterio permite observar se o alumno/a ten integrado os contidos propios da materia no seu movemento, o grao de control sobre os fundamentos tales como a aliñación, a sensación de peso das distintas partes do corpo, o equilibrio, a dinámica e a coordinación así como a súa memorización.

3.- Realizar coa corrección propia do seu nivel os exercicios básicos das secuencias de movementos da técnica Cunningham, así como extractos do seu repertorio

Este criterio permite comprobar se o alumno/a comprendeu, interiorizou e memorizou a execución correcta dos exercicios básicos das técnicas e estilos traballados.

4.- Interpretar unha obra do repertorio coreográfico, coa corrección propia do nivel correspondente.



Este criterio permite comprobar a capacidade para memorizar e interpretar unha obra do repertorio contemporáneo, amosando a súa capacidade artística, a precisión musical e a axeitada utilización do espazo.

5.- Interpretar coa corrección propia de cada nivel a coreografía (ou coreografías) de creación propia(Gala Fin de Curso).

Este criterio permite comprobar a capacidade interpretativa do alumno/a, a integración dos aspectos técnicos do movemento na propia creación, a musicalidade, a utilización do espazo e a capacidade de traballo en equipo.

| 6º GPB | |
|---|--------|
| 1º TRIMESTRE | |
